2019

BREVE ANÁLISE



RACISMO E XENOFOBIA NA CORUÑA

www.sosracismogalicia.org



ANÁLISE DOS DATOS DO INFORME ANUAL 2019 CONTRA O RACISMO E A XENOFOBIA NA CIDADE DA CORUÑA E ÁREA METROPOLITANA

As Oficinas de Información e Denuncia (OID)

A asociación SOS Racismo Galicia tenta combater as situacións de racismo e xenofobia a través do proxecto de Oficinas de Información e Denuncia (OID), ofrecendo un servizo de atención integral tanto a aquelas persoas afectadas por algunha situación de discriminación por racismo ou xenofobia, como a aquelas testemuñas deste tipo de situacións, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde.

Estas vulneracións e denuncias son recollidas polas Oficinas de Información e Denuncias sitas na Coruña e Vigo, e constitúen a primeira fonte para a elaboración do **Informe Anual sobre o Racismo e a Xenofobia en Galicia** que desde SOS Racismo Galicia se elabora cada ano**.**

Así mesmo, o presente informe constitúe un resumo específico sobre os datos recollidos acontecidos na cidade da Coruña e a súa área metropolitana, concretando a súa clasificación para unha análise máis próxima.

Mediante o mesmo, e sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos durante o ano 2019, entendemos que a mostra de casos que se relacionan a continuación supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías, sendo conscientes de que a realidade resulta imposible de cuantificar con precisión.

Este pasado ano, en todo o territorio galego recolléronse un total de 135 vulneracións de dereitos acontecidas durante o 2019, tendo **acontecido na Coruña e a súa área metropolitana 97 das mesmas.** 97 denuncias con nomes e apelidos, situacións vividas por case un cento de persoas que viron violentados os seus dereitos polos seus trazos fenotípicos, orixe, relixión ou etnia, o que demostra que aínda resta moito por facer para a eliminación do racismo e a xenofobia.


Os casos compilados no informe anual transcenden o eido penal e os chamados delitos de odio en sentido estrito, sendo recollidas todas aquelas condutas exercidas con base nun motivo racista ou xenófobo. É prioritario, pois, dar visibilidade tamén a actuacións menos explícitas, que pasan máis desapercibidas e que moitas veces están tan normalizadas que non chegan a percibirse como racismo ou xenofobia, mais que constitúen unha vulneración de dereitos.



Datos da cidade da Coruña e área metropolitana

Primeiramente, cómpre salientar que esta recollida de vulneracións non significa necesariamente que o racismo e a xenofobia teñan variado na mesma proporción, xa que os casos que chegan a SOS Racismo Galicia son apenas unha pequena parte das existentes na realidade, unha fotografía, e non pretenden reflectir as condutas discriminatorias na súa totalidade.

Segundo a tipificación da discriminación



Atendendo ao tipo de discriminación, máis dun terzo das denuncias que chegan ás OID de SOS Racismo Galicia son derivadas da **discriminación no acceso a servizos privados (38,1%)** constituíndo a denegación de apertura de contas bancarias a maior parte deste tipo de vulneracións.

A seguir atopamos as denuncias por **racismo institucional (29,9%)** categoría na que enmarcamos, entre outras, as vulneracións de dereitos acontecidas nas oficinas de estranxeiría ou no acceso á nacionalidade.


Posteriormente, a terceira categoría en número de denuncias constitúena a **denegación de acceso a servizos públicos (17,5%)**, servizos como a asistencia sanitaria ou a educación; e a continuación os casos por **discriminación e condutas xenófobas entre particulares (6,2%)**; as vulneracións de dereitos provocadas polo **abuso das forzas de seguridade públicas (5,2%),** e, por último, a discriminación no **ámbito laboral (3,1%)**.



Debemos aclarar que en SOS Racismo Galicia, pese a que a denegación de acceso a servizos públicos e o abuso por parte das forzas de seguridade públicas poden ser consideradas **formas de racismo institucional,** clasificámolas de xeito separado pola importancia que ambas conductas revisten. Nunha clasificación que así fosen consideradas, poderíamos afirmar que o racismo institucional encabezaría a listaxe por número de denuncias, constituíndo máis da metade das mesmas.

En resumo, durante o 2019 o trato discriminatorio ou de vulneración de dereitos por parte da Administración e o funcionariado público foi obxecto de abundantes denuncias, sobre todo no ámbito da asistencia sanitaria. Se temos en conta todas as denuncias derivadas dunha mala actuación ou vulneración de dereitos por parte dunha entidade pública ou o persoal a servizo desta, podemos concluír que estas **supoñen máis da metade das denuncias recollidas (52,6%).** Por outra banda, cómpre salientar que a denegación de acceso a **servizos privados** se incrementou de xeito notable respecto ao ano 2018, atopándonos con múltiples denuncias derivadas da dificultade de apertura de contas bancarias. Así mesmo as persoas racializadas ou migrantes ven serias dificultades á hora de realizar actos tan cotiás como alugar unha vivenda ou entrar nun local de ocio.

Segundo o ámbito da discriminación



Para ofrecer unha análise máis específica, analizamos as denuncias recollidas segundo o ámbito no que acontecen, confirmando que as dificultades no acceso aos servizos privados por parte de persoas migrantes ou racializadas imperan entre as denuncias recollidas.



Esta radiografía non fai máis que reflectir a necesidade de concienciar a parte da sociedade actual contra o racismo e a xenofobia, pois revela a existencia de múltiples comportamentos que vulneran os dereitos das persoas migrantes e racializadas de forma continua, deliberadamente e sen pudor ningún, con especial fincapé na prestación de **servizos privados (37,1%)**. A denegación de acceso a estes servizos encabeza as estatísticas e tradúcese, na maior parte das ocasións recollidas, na denegación da apertura dunha conta bancaria ou bloqueo da mesma sen motivos xustificados, ou as dificultades á hora de alugar unha vivenda. Nesta clasificación estamos a falar de desigualdades no trato por parte de persoas particulares, como son o persoal empregado nas entidades bancarias ou nas inmobiliarias, propietarios/as de vivendas en aluguer, dependentes de establecementos, así como das políticas aplicadas polas grandes empresas para a financiación das compras, etc. Tamén falamos de racismo e xenofobia na atención en pequenos comercios, entidades bancarias ou grandes superficies.

As **vulneracións nas oficinas de estranxeiría (14,4%) e en materia de saúde (14,4%)** son denuncias por ter recibido un trato discriminatorio e inxusto ou derivadas dun incumprimento da lexislación, na maior parte dos casos polo funcionariado das xanelas de atención. Desde SOS Racismo Galicia demandamos unha maior formación a este persoal, así como a pertinencia de estabilidade no tempo das persoas nos seus postos de traballo. Neste sentido, a mudanza constante de persoal en centros de saúde, por exemplo, dificulta que o persoal de atención coñeza a grande casuística das persoas segundo a súa situación administrativa e persoal, o que se traduce moitas veces en vulneracións de dereitos.

Alén disto, debemos ser conscientes de que o persoal que traballa para a Administración son persoas que moran nesta sociedade eurocéntrica e, polo tanto, perciben e reproducen o racismo e a xenofobia de igual forma que esta. Isto non se pode permitir e debe corrixirse de inmediato por parte dos poderes públicos, mediante formación, recomendacións e pautas a seguir que dean a coñecer a lexislación vixente na materia, a prohibición de todo tipo de discriminación e que prohiban terminantemente a expresión de opinións persoais e "erradas recomendacións" por parte do persoal da Administración cara ás persoas usuarias dos servizos públicos.


Segundo a idade, orixe, situación administrativa e xénero

Analizamos tamén as características das persoas denunciantes, de cara a poder detectar que colectivos son máis vulnerables e en que ámbitos. Ofrecemos neste apartado datos xerais sobre as persoas que contactan con SOS Racismo Galicia.


Pese a que a meirande parte das vulneracións foron realizadas contra persoas **maiores de idade (92%)** cómpre salientar que aínda que a proporción das vulneracións é moito menor en mozas e mozos **menores de idade (6%)** estas afectan a un colectivo moito máis vulnerábel,




revestindo polo tanto unha maior gravidade.



En relación á **orixe** das persoas denunciantes, as persoas procedentes de **América Latina** foron as que máis viron vulnerados os seus dereitos (63%), seguida das procedentes do **África Subsahariana** (18%), do **Magreb** (8%), **persoas racializadas de nacionalidade española** (5%), **resto da U.E**. un (1%) e **Asia** (1%). Os restantes casos afectarían a un colectivo en que non se determina a procedencia por non ser relevante.



A **situación administrativa** é un elemento importante á hora de analizar estes datos, pois inflúe notablemente, sobre todo nos casos de racismo institucional. Dun total de 97 casos recollidos, un **60% son persoas en situación irregular**, o **33%** afectaban a persoas en situación **regular** e un **5%** a persoas racializadas de **nacionalidade española.** O anterior vén ratificar o feito xa constatado en anteriores informes de que a irregularidade é un elemento que contribúe a sufrir unha maior vulneración de dereitos ou discriminación pola situación de maior vulnerabilidade fronte ó resto da cidadanía.




Pola implicación que isto supón para a análise e propostas de intervención, neste informe tentamos estudar a **variable de xénero** en cada un dos tipos de discriminación. O número de denuncias recollidas afecta de xeito maioritario ás mulleres (54%), sendo as denuncias interpostas por homes algo menores (43%).

Hai que ter en conta que o 3% dos casos recollidos afectan tanto a homes como a mulleres por tratarse de discriminacións colectivas. Cómpre salientar que ser muller implica unha dobre vulneración, pese a que non se vexa reflectido directamente nos datos



recollidos no 2019 polas OID.




O feito de que as discriminacións contra as mulleres non se denuncien ou non se fagan públicas acontece polo mesmo feito de selo. Alén, é relevante o ámbito no que se dan as vulneracións, como por exemplo o emprego do fogar, sector onde a maior parte das traballadoras son mulleres e moitas delas migrantes. Este sector é un ámbito realmente precario no que acontecen continuamente discriminacións e vulneracións de dereitos que non sempre se denuncian debido ás características propias deste tipo de emprego (regulación excluída do Estatuto dos Traballadores) e lugar onde ocorren (inviolabilidade do domicilio, o que impide que accedan a el as Inspeccións de Traballo, por exemplo).

Actuación e intervención nos diferentes casos

Non todos os casos que se recollen nas OID van ter unha resposta xudicial, ben porque o tipo de denuncia recibida non busca unha reparación senón deixar constancia dun feito que se considera contrario ao principio de igualdade de trato, ben porque a vía xudicial non é a máis axeitada para a súa resolución, ben porque a persoa denunciante non o desexa. Así mesmo debemos ter en conta que moitas das persoas que sofren cada dia o racismo e a **xenofobia non denuncian estes conflitos por múltiples razóns:** medo, racismo institucional, situación administrativa, normalización das conductas, represalias, descoñecemento de dereitos ou pola idea xeneralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros motivos. En ocasións, a persoa denunciante manifesta expresamente que non desexa seguir pola vía xudicial por medo a posibles contradenuncias no caso penal, ou polo desgaste psicolóxico e emocional e as situacións de revictimización.

Segundo o asunto do que se trate e a escolla da persoa denunciante, existen múltiples formas de resolución do conflito: Durante o ano 2019, máis de dous terzos das vulneracións recollidas (67%) foron obxecto de intervención, sendo o xeito de intervención maioritario a mediación (28%), seguido do 21% de asuntos nos que se acudiu á vía administrativa como vía de posíbel reparación ou solución do conflito. Tamén, o 1% dos casos foron xudicializados e o 1% levados pola vía de defensa do consumidor. No resto dos asuntos a vía de actuación foi diversa (derivación a outros servizos da entidade, derivación a outras entidades específicas, incidencia social, etc.).





Non se realizou ningunha intervención nun terzo das denuncias recibidas (33%) ben porque se trataba de temas nos que se atopou unha solución alternativa, porque a persoa non o quixo, porque non se vía posíbel ningunha solución polas vías legais establecidas ou mesmo porque tan só se fixo chegar a vulneración a efectos de deixar constancia.

Unha parte destas vulneracións foron obxecto de procedementos administrativo ou xudiciais que en moitos casos terminarán de maneira insatisfactoria para a persoa denunciante. Isto é porque conseguir a reparación da vítima ante actuacións discriminatorias é un labor complicado que require ferramentas eficaces que permitan a restauración do dano causado, coas que, en moitas ocasións, aínda non contamos.

Análise e propostas para unha política antidiscriminatoria

SOS Racismo Galicia como parte da Federación SOS Racismo e xunto a outras entidades (Andalucía Acoge, APDHA, CEAR y Elin) conforman Migreurop no Estado español, exercendo de observatorio das fronteiras. A través do traballo en rede se teñen elaborado unha serie de propostas de cambio e medidas concretas para garantir os dereitos das persoas migrantes e/ou racializadas:

Principio de non devolución

- Pór fin aos acordos de externalización de fronteiras con Marrocos e os países de África Subsahariana.
- Garantir vías legais e seguras de acceso ao territorio español e apostar por



políticas que permitan o acollemento destas persoas nos países europeos.

- Reorientar a política e os acordos de cooperación bilateral e multilateral fomentando a cooperación para facilitar os visados.

- Derrogar as "devolucións en quente" reguladas na disposición final primeira da Lei de Seguridade e a disposición adicional décima da Lei Orgánica 4/2000 de 11 xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e garantir que todas aquelas persoas que chegan a territorio español accedan a un procedemento administrativo con todas as garantías.

Protección internacional

- Establecer un procedemento regulador que respecte as garantías mínimas esenciais e posibilite o exercicio do dereito de formular, rexistrar e formalizar unha solicitude de protección internacional, alén de ofrecer un tratamento adecuado no caso de detección dunha eventual situación de vulnerabilidade.

- Poñer fin ás restricións á liberdade de circulación das persoas que solicitan protección internacional en Ceuta e Melilla.

Salvamento marítimo

- Impulsar na UE que se aprobe un protocolo de desembarco seguro e predecible que respecte o principio de non devolución, co fin de: axilizar o desembarco nun país seguro evitando así que as persoas rescatadas pasen semanas a bordo de embarcacións ata que chegan a un porto seguro, garantir o acceso ao dereito de asilo ás persoas rescatadas e dar garantías xurídicas ás embarcacións que realizan os labores de rescate.

Regularización de Persoas Migrantes

- Abrir un novo proceso de regularización que dote de estabilidade xurídica ás miles de persoas que residen de forma irregular no estado español.

- Regularización inmediata das persoas que non poidan ser expulsadas.

- Flexibilizar e facilitar a reagrupación familiar inmediata sen requirimentos económicos.

Política de expulsións e identificacións por perfil étnico

- Priorizar e dotar de orzamento os programas de retorno voluntario.

- Facilitar os procesos de documentación das persoas que non poden ser expulsables.

- Prohibir expresamente por lei a identificación por perfil étnico e penalizar aos operadores



gobernamentais, administrativos ou policiais que propicien este tipo de prácticas.

CIEs

- Peche inmediato dos CIE.
- Prohibir expresamente o internamento de menores, de persoas enfermas ou de persoas con vínculos familiares.

Infancia migrante non acompañada

- Harmonizar os recursos do sistema de protección co número de mozos e mozas que son atendidos, para asegurar unha atención integral que garanta os dereitos dos nenos e nenas. Isto tradúcese fundamentalmente na tipoloxía e tamaño dos centros, os perfís profesionais existentes e a ratio desagregada por especialidade. Desta forma posibilitarase unha atención que responda as necesidades das crianzas e adolescentes e o cumprimento dos seus dereitos fundamentais con unha maior axilidade na tramitación da documentación desde a propia declaración de desamparo, asunción de tutela e permiso de residencia.
- Garantir en todo caso o acceso dos nenos e nenas migrantes aos dereitos de documentación de residencia legal e aos procedementos de Protección Internacional, e, no seu caso, o acceso á nacionalidade española.

Delitos de odio

- Dotar dun marco financeiro suficiente ao plan de acción contra os delitos de odio aprobado polo Ministerio de Interior en xaneiro de 2019, así como de espazos de participación coa sociedade civil organizada.
- Poñer en marcha de forma urxente, todas as medidas recollidas na Recomendación Xeral nº 15 relativa á loita contra o discurso de odio, realizada polo Comisión Europea Contra o Racismo e a Intolerancia (ECRI) do Consello De Europa.
- Executar as medidas previstas dentro do Protocolo Adicional ao Convenio sobre a Ciberdelincuencia relativo á penalización de actos de índole racista e xenófoba cometidos por medio de sistemas informáticos, o Convenio-marco para a protección das minorías nacionais e o Protocolo nº 12 ao Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos, para non só perseguir o discurso do odio contra as persoas migrantes e racializadas cada vez máis presente en redes sociais, senón tamén para esixir a quen as tolera a súa responsabilidade.
- Utilizar as ferramentas previstas no Artigo oitavo do estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal (“O Goberno poderá solicitar do Fiscal Xeral do Estado que promova ante os Tribunais as actuacións pertinentes en orde á



defensa do interese público"), sobre o discurso do odio emitido desde partidos políticos e/ou medios de comunicación, tal e como fixo o Defensor del Pueblo Español.

Ademais entendemos que:

- É precisa unha lei específica debido as características concretas das vítimas de actos discriminatorios, polo que instamos aos poderes públicos a elaborar unha Lei Integral en materia de igualdade de trato e non discriminación.
- En relación á educación, é obriga da administración facilitar os recursos necesarios para incluír no currículo educativo de forma transversal a prevención da discriminación negativa e o coñecemento das diferentes culturas, outras visións alternativas da historia, así como, a utilización de referentes propios cos que o alumnado poda sentirse identificado e visibilizado.

Máis información

Para máis información, consúltese o Informe Anual de 2019 contra o Racismo e a Xenofobia en Galicia.



FICHA TÉCNICA

Dirección
SOS RACISMO GALICIA

Redacción
Patricia Martínez Pino
Esther Lora Rodríguez

Financiación
Concello da Coruña

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

SOS RACISMO GALICIA

OFICINA NA CORUÑA

Rúa Alcalde Lens, 34 1º C (15010)
(+34) 698 163 742
info@sosracismogalicia.org

OFICINA EN VIGO

Rúa Torrecedeira 55, entresollado (36202)
(+34) 678 811 714
vigo@sosracismogalicia.org